

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A música, en tanto que é un medio de expresión, estivo presente na historia da humanidade dende os primeiros tempos. A día de hoxe continúa a ser parte do día a día do ser humano, transmitindo e/ou reforzando emocións e sentimentos, e converténdose así nunha insubstituíble construción cultural. Non se podería entender a vida humana sen a música, sería coma un filme sen banda sonora, e é que aínda pasando desapercibida, é parte da experiencia vital humana. Porén, a presenza da música na educación primaria é fundamental, non só porque forme parte da experiencia diaria do alumnado, senón tamén porque é nesta etapa onde se acadan os maiores niveis de fertilidade do desenvolvemento humano. Ademais, permite ir máis alá dos contidos estritamente musicais, servindo de vehículo de aprendizaxe doutras áreas curriculares, caso das linguas, as matemáticas, as ciencias ou a educación física.

En liñas xerais, pódese afirmar que a educación musical debe estar presente nas aulas de primaria debido á súa potencialidade á hora de procurar o desenvolvemento integral do individuo, isto é, traballar as esferas cognitiva, psicomotora e socioafectiva, procurando unha aprendizaxe globalizada.

O presente documento constitúese como unha guía á hora de orientar o proceso de ensino-aprendizaxe da citada educación musical. É un documento aberto, flexible e susceptible a modificacións que permitan adaptar dito proceso aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como ás propias propostas que poidan emanar dos/as discentes. Articúlase considerando, por un lado, o novo marco legal establecido, e por outra banda o propio contexto da práctica educativa.

No tocante ao contexto, situámonos nun centro ubicado na vila de Goián, pertencente ao concello de Tomiño (Pontevedra), ao que acoden nenos/as desa parroquia e doutras lindantes. Nesta pequena vila, a nivel musical, destaca a escola da Agrupación Musical de Goián, que conta con banda de música e oferta formación e actividades musicais. Ademais, en todo o concello de Tomiño cóntase con outras asociacións musicais: treboadas, grupos de gaitas, pandereteiras e baile. Por conseguinte, pártese dun contexto musicalmente interesante, o cal será aproveitado dende a materia de música, considerando tamén que algúns/as alumnos/as do centro forman parte dalgunhas das asociacións musicais citadas.

Inicialmente, esta PD está planificada de xeito que tres das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD (centrada na expresión corporal e na danza) viaxará ao longo de todo o curso ao aparecer nos tres trimestres.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º de educación primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sons cotiáns	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través dos sons cotiáns (da escola, da casa, da natureza, dos animais, do corpo...) como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	20	8	X		
2	Sons do mundo	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través dos sons do mundo como fío condutor, coñecendo os diferentes instrumentos musicais e interpretando diferentes músicas do mundo. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballarase de xeito máis destacado.	20	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Sons galegos	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán os sons propios galegos (folclore, o noso mar, a praia, os nosos bosques...). As Letras Galegas serán de especial relevancia.	20	5			X
4	Móvome ao son	Esta UD profunda nas músicas e danzas tanto propias como doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sons cotiáns	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais clásicas (cultas, de diferentes estilos e épocas) e modernas (rock, pop, jazz, etc.). Por exemplo, "As catro estacións" de Vivaldi.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica con grafía non convencional, negra e silencio de negra; son rápido e curto e son forte e piano. Asocia sons da contorna natural e social.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce ritmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos e exercicios de percusión corporal. Interpreta ca voz unha peza sinxela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas, de 4 pulsos, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de negras e silencios de negra.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas do baile e a danza de diferentes épocas, estilos e xéneros.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Imita, en espello, os movementos corporais da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.

Contidos

- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Sons do mundo	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais tradicionais e populares dos diferentes continentes.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música instrumental con voz, a capella e só instrumental, en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica, e representa con grafía non convencional, pulso con e sen acento e son agudo e grave. Realiza ditados de 4 pulsos: rítmicos (negra e silencio de negra) e melódicos (mi e sol).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha pequena partitura rítmica de 6 pulsos (con negras e silencios de negra). Interpreta coa voz unha peza sinxela.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas, con grafías non convencionais e de 6 pulsos, de sons acentuados e non acentuados e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase. Baixo a escoita de diferentes músicas, segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.

Contidos

- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Sons galegos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais tradicionais e populares galegas; tamén descobre propostas con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe elementos das manifestacións culturais, artísticas e musicais propias da cultura galega.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Coñece o nome das notas.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	É partícipe da procura de información sobre música da zona.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Canta unha peza sinxela.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Toca unha partitura sinxela cos instrumentos PAD e PAI.		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que crea un conto.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea os movementos e indicacións do conto previamente creado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde

Contidos

- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Móvome ao son	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música instrumental con voz, a capella e só instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	É partícipe da procura de información sobre música da zona.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dun pequeno conto que empregue algúns instrumentos (convencionais e/ou non convencionais) a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	É partícipe da procura de información sobre música da zona.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea unha danza ou baile.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Primeiramente, e antes de afondar nos principais métodos didácticos e correntes pedagóxicas musicais, cabe salientar a importancia de planificar unha programación didáctica cunha metodoloxía caracterizada polo eclecticismo, isto é, que combine diferentes métodos pedagóxicos, extraendo os aspectos máis enriquecedores e aplicables á práctica da aula de cada un. Neste senso, a presente programación didáctica centrará o seu eixe metodolóxico nos métodos demostrativo, interrogativo e de descubrimento.

O primeiro, o máis frecuente, basearase na imitación do docente como modelo, un método moi presente á hora de ensinar un patrón rítmico ou melódico-rítmico nun instrumento, á hora de aprender unha peza vocal ou á hora de exemplificar calquera outro tipo de actividade a realizar polo alumnado. Este método tórnase fundamental na materia de música dada a baixa carga lectiva semanal da mesma, o que obriga a aproveitar ao máximo o tempo establecido. Pola súa banda, o método interrogativo xira en torno á formulación de preguntas ao alumnado, dirixíndoo ao obxectivo que se pretende traballar. En terceiro lugar, o método por descubrimento que, tal e como indica a súa denominación, ten por finalidade que o alumnado descubra os propios contidos, destrezas e actitudes a tratar. Por exemplo, mediante o deseño dunha coreografía a partir dunha peza musical escoitada previamente, vinculando así a forma musical co plantexamento coreográfico, ou a composición dunha partitura a partir de elementos dados.

Focalizando a atención nas diferentes metodoloxías pedagóxicas musicais cómpre salientar figuras coma Émile Jacques-Dalcroze, Edgar Willems, Maurice Martenot, Carl Orff, Zoltán Kodály e Jos Wuytack.

Émile Jacques-Dalcroze, Edgar Willems e Maurice Martenot, representantes das denominadas pedagogías activas dos anos 40, aportarán á presente programación a vivenciación sensorial e motriz dos parámetros e elementos musicais; o emprego de diagramas pancromáticos; ou a introdución da relaxación na aula, respectivamente.

Carl Orff e Zoltán Kodály, enmarcados nas nomeadas pedagogías instrumentais dos anos 50, serán determinantes á hora de utilizar os instrumentos escolares (banda rítmica e conxunto instrumental), de traballar a improvisación, de empregar as sílabas rítmicas ou conceder importancia á canción popular e tradicional. Asemade, cabe salientar a figura de Jos Wuytack, discípulo de Carl Orff, no uso da fononimia (variando a posición do brazo verticalmente sen asignar alturas concretas) e dos musicogramas.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta (1 sesión semanal) o número total destas é de 36, das cales hai que considerar tempo para avaliacións iniciais, finais de trimestre, posibles saídas e imprevistos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.

Piano electrónico (pendente de mercar outro pola mala calidade do mesmo)
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Aula virtual do centro
Cobertura a internet
Medios tradicionais descritos no cadro inferior
Instrumentos cotidiáfonos
Acordéon da mestra

Cómpre diferenciar entre medios e recursos humanos e materiais.

No tocante aos medios e recursos humanos sobresaíra a comunidade educativa (familias, profesorado..) e as formacións musicais que poidan colaborar co centro (banda de música, treboada..). Ademais dos medios dixitais e musicais indicados na parte superior, tamén se empregarán os seguintes medios tradicionais: todo tipo de cartóns, cartolinas, fichas, xogos e materiais para a construción dos instrumentos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

Dita proba consistirá de:

- Diferentes actividades que conleven a posta en práctica da interpretación vocal e instrumental, e a expresión corporal, aplicando os coñecementos de linguaxe musical previos.

A partir de aí porase o punto de partida deste curso, reaxustando aspectos da presente programación se fose preciso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD serán avaliados por medio de diferentes táboas de indicadores (rúbricas), a partir da observación e análise de producións escritas.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a que a continuación se detalla. Aqueles criterios vinculados á actitude, á participación activa e á expresión de sentimentos e emocións sobre a música, serán valorados globalmente:

-1º trim.: UD1 40 % (linguaxe musical, interpretación vocal e instrumental, expresión corporal) + UD4 20% (escoita,

discriminación) + 40% (actitude, participación e expresión).

-2º trim.: UD2 45% (linguaxe musical, interpretación vocal e instrumental, expresión corporal) + UD4 15% (creación baile) + 40% (actitude, participación e expresión).

-3º trim.: UD3 50% (linguaxe musical, interpretación vocal e instrumental, construción de instrumentos, creación sonora) + UD4 10% (creación sonora) + 40% (actitude e participación).

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicárase o seguinte:

-Se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-Se o decimal está entre 5 e 99, o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

En caso de non superar os criterios mínimos, considerarase a avaliación continua e os reforzos, incidindo neses criterios non acadados, xa que moitos deles trabállanse ao longo de todo o curso. De non superar a materia ao finalizar o curso, botarase man de todo o reforzo e medidas dispoñibles no seguinte ano académico para compensar as carencias de aprendizaxe previas.

6. Medidas de atención á diversidade

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Débense de prever distintas vías de respostas ás capacidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses do alumnado, propoñendo actividades de reforzo e ampliación.

Tomaranse a cabo medidas que potencien o máximo desenvolvemento das competencias básicas segundo as diferenzas individuais, considerando as avaliacións iniciais. Poden ser de dous tipos:

- Medidas ordinarias que non afectan aos aspectos prescritibles do currículo e faciliten o proceso educativo. Isto é, flexibilización de tempos, adecuación de espazos, metodoloxía colaborativa, tutoría entre iguais ou adaptación de instrumentos e procedementos de avaliación.

- Medidas extraordinarias coa realización de adaptacións curriculares significativas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Se existen serias dificultades implicarán o novo deseño do currículo, eliminando unha parte dos contidos e modificando os criterios de avaliación. Será fundamental o diagnóstico previo do departamento de orientación.

Debido á abundancia e á prevalencia de obxectivos eminentemente actitudinais e de esforzo, os reforzos máis importantes irán dirixidos cara eses aspectos. Realizaranse dentro da aula e supervisarase a súa evolución ao longo do tempo.

Na área de música deberase ter en conta ademais a necesidade de integrar ao alumnado máis vantaxoso musicalmente, que acode a clases de música fóra do centro ou toca noutras agrupacións musicais, á hora de transmitirlle determinados conceptos ao grupo, promovendo a súa participación activa e incluíndo o seu instrumento na orquestra escolar ou en diferentes momentos do curso tanto na aula como fóra dela, por exemplo nos festivais ou nas diferentes celebracións. Tratarase de fomentar e manter o seu interese e que, ao mesmo tempo, este alumnado faga partícipe da súa motivación ao grupo e axude a aquel/a que presente máis dificultades. Ademais, considerarase a chegada de alumnado estranxeiro ao centro, buscando coñecer a música e as manifestacións artístico-musicais dos países de orixe, favorecendo a súa inclusión e motivación.

Tendo en conta a presenza de novo alumnado no grupo-clase, fomentaranse actividades que favorezan a inclusión e o traballo en equipo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase coa construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe. Considerarase un dos obxectivos do centro este curso: residuos cero nos patios.

Continuarase ademais traballando o obxectivo de desenvolvemento sostible "saúde e benestar".

En música centrarase na importancia da expresión corporal, o movemento e a danza.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico dalgunha agrupación musical.	Concerto didáctico dalgunha asociación musical (banda de música, treboada, grupo de pop...) ben no centro ou noutras instalacións.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro no que se poderán interpretar cancións, danzas, contos musicais... realizados durante o curso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Se rexistrará mediante unha escala

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

- Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
- Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos, continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos, levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Individualización nas explicacións.

- Titoría entre iguais.

- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

9. Outros apartados